

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE  
MARZO DE 2017**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de febreiro de dous mil dezasete, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

**1. ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO DE 2017 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 16 DE MARZO DE 2017.**

Non hai ningunha observación respecto aos borradores remitidos coa convocatoria. Sometidos a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar as Actas das sesións da Corporación municipal seguintes: ordinaria do 27 de febreiro de 2017 e extraordinaria urxente do 16 de marzo de 2017.

**PARTE RESOLUTIVA**

**2. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A INTEGRACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NO CATÁLOGO COLECTIVO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Visto o texto do convenio, o escrito do Secretario xeral de Cultura sobre as bondades do mesmo e o informe da funcionaria encargada da Biblioteca pública municipal “Lois Pereiro” de Monforte de Lemos sobre a importancia e transcendencia de poder formar parte do novo sistema de funcionamento que supón a integración no que o convenio prevé,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

Adherir o Concello de Monforte de Lemos ao *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A INTEGRACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NO CATÁLOGO COLECTIVO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.*”

(Non houbo intervencións neste asunto)

### **3. PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS 2017-2018.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Logo de ver o informe de intervención de 28 de febreiro de 2017 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda pública con motivo da liquidación do orzamento do Concello de Monforte de Lemos do exercicio 2016, elabórase un Plan económico - financeiro (PEF) 2017-2018 que se achega, para acadar o cumprimento da regra de gasto, e elévase ó Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación do Plan económico-financeiro 2017-2018:

#### PLAN ECONÓMICO - FINANCIERO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (PEF) 2017-2018

##### **1. INTRODUCCIÓN**

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e vén a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

*Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 27.03.2017*